EXCELENTE MES DE NOVEMBRO

Boa xornada dos nosos equipos a pasada fin de semana. Sen dúbida o mes de Novembro sentou moi ben aos nosos xogadores. Analizamos os resultados da pasada fin de semana:

MODESTOS: Cuarta vitoria consecutiva. Desta vez venceron nun partido compricado ante o Estrella CF en Santa Cecilia confirmando o seu bo momento.

FÚTBOL BASE: Os **xuvenís** deixaron escapar vivo ao EF Ensanche de Prados Vellos ao que perdoaron en exceso. Empate na segunda xornada da Liga xuvenil na que agora ocupan o segundo posto que daría opción de xogar a fase de ascenso.

O equipo **cadete** está no seu mellor momento da temporada. Xa con mais efectivos derrotaban ao sempre compricado Galicia de Caranza "B" na segunda xornada dunha Liga Cadete da que son líderes.

Os **infantís** vencían na 5ª xornada de Liga ao SD O Val en Prados Vellos. Atópanse na zona media da clasificación.

FÚTBOL - 8: Os **alevíns** e **benxamíns** disfrutaban da última semana de descanso antes do comezo das suas Ligas. Nos prebenxamíns duas boas novas. O

prebenxamín "A"
vencía a domicilio ao Rápido de Neda na 1ª Liga da categoría. O
prebenxamín "B"
derrotaba ao G. Caranza "D" en Prados Vellos na 2ª Liga deste grupo. E os
biberóns
tiveron xornada de descanso, a espera de que dé comezo a competición de fútbol - 6 organizada pola AFACO.

En definitiva, remata un mes de novembro que nos deixa ao primeiro equipo moi recuperado e ben situado na Segunda Autonómica. No fútbol base os xuvenís, cadetes e infantís están competindo de maneira moi positiva nos grupos dos mellores equipos da categoría. No fútbol - 8 moita saude e tamén (sendo secundarios) bos resultados semana tras semana. ¡¡¡Qué siga o bo momento¡¡¡

O Numancia somos tod@s.

¡¡¡AUPA NUMANCIA¡¡¡